

CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A AVALIACIÓN DE MÉRITOS NO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE XERENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA)

O tribunal avaliador da praza XERENTE-25, na súa reunión celebrada o día 27 de xaneiro de 2026, acordou a seguinte ponderación no apartado da valoración de méritos alegados para axustarse ás condicións do posto de acordo coas bases da convocatoria.

XERENTE-25

Apartado	Puntuación máxima	Mínimo
8.1. Primeira fase: valoración de méritos	90 puntos	46
8.1.1. MÉRITOS	55	28
1. 8.1.1.A) FORMACIÓN ESPECÍFICA	13 puntos	
- A.1. Accións formativas relacionadas coa contratación pública, procedemento administrativo, réxime xurídico, emprego público, integridade institucional, medidas antifraude ou igualdade de xénero (non serán avaliadas as accións formativas cunha duración inferior a 15 horas)	6	
- A.2. Certificado inglés B2 ou superior	3	
- A.3. Formación relacionada coa protección de datos (1 punto por cada 50 horas de formación)	2	
- A.4. Curso de Linguaxe Administrativa Galega, nivel superior (CELGA 5)	2	
2. 8.1.1.B) EXPERIENCIA:	42 puntos	
- 3 puntos por cada ano ou fracción superior a seis meses no exercicio efectivo das súas funcións na Administración xeral da Xunta de Galicia e as súas entidades ou organismos autónomos.		
- 2 puntos por ano ou fracción superior a seis meses no exercicio efectivo das súas funcións no resto do sector público.		
- 1 punto por ano ou fracción superior a seis meses no exercicio efectivo das súas funcións no sector privado		
- B.1. En postos directivos de estrutura no sector público (estatal, autonómica, institucional ou local). Considéranse postos directivos os equivalentes a direccións de área, responsables de unidades, ou aqueles clasificados como postos de nivel 2 conforme o Decreto 119/2012, do 3 de maio.	18	
- B.2. Na xestión, execución e/ou control de programas cofinanciados con fondos europeos (FEDER, FSE, FEADER, MRR, NEX EU)	15	
- B.3. Na elaboración, coordinación e seguimento de plans, programas ou estudos técnicos ou económicos	9	
8.1.2 PLAN DE ACTUACIÓN PRESENTADO	35	18
O plan valorarase conforme aos seguintes criterios:		
- Adecuación do plan proposto ao marco de		



actuación da Fundación CESGA, entendida como a correcta indentificación e tratamento das condicións económicas, materiais, técnicas e humanas necesarias para levar a cabo as funcións encomendadas á Xerencia. - Impacto e viabilidade operativa, é dicir, o grao en que as medidas propostas poidan mellorar o funcionamento xeral da Fundación CESGA e a súa sustentabilidade a medio prazo.		
---	--	--

XERENTE-25

Apartado	Puntuación máxima	Mínimo
Valoración 2ª fase:	10	
3. Defensa do Plan de actuación presentado Cada persoa candidata disporá dun tempo máximo de 20 minutos para defender o seu plan. Responderán a todas aquelas preguntas e cuestións que permitan valorar a idoneidade da proposta, sen que o tempo de resposta compute para os efectos da duración prevista neste apartado		

Vº e prace

A presidenta

O secretario

Sabela Pardo Rodríguez

Juan Carlos Porrúa Pardal

